

PROGRAMACIÓN
1º Nivel de Educación Primaria
2021-2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.....	3
3. COMPETENCIAS CLAVE.....	5
4. AVALIACIÓN: ASPECTOS XERAIS.....	6
5. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	6
6. METODOLOXÍA XERAL E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS.....	8
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	10
8. PLANS.....	13
9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	15
10. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS ÁS FAMILIAS.....	16
11. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	17
12. LIBROS DE TEXTO E OUTROS RECURSOS.....	18
13. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS ESIXIBLES E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE DE CADA ÁREA.....	18
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	59
15. ANEXO – ADAPTACIÓN DA PD AO CONTEXTO COVID.....	60

1. INTRODUCCIÓN

C.E.I.P San Xosé Obreiro (Meicende)

Aulas: 1º de primaria A e B

Esta Programación docente, baséase no disposto en :

- **LOMCE**, Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).
- Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSION 31-08-2020 (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 2.1 dos Principios Sanitarios Básicos, o centro educativo elaborou un “Plan de Continxencia”

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ao Protocolo citado e ao Plan de Adaptación Covid 19, medidas axeitadas e os procesos requeridos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

A presente programación está deseñada para o alumnado de primeiro curso de Educación Primaria, tendo en conta as súas características, tanto cognitivas como madurativas, as súas necesidades e intereses para poder ofrecer a resposta educativa máis axeitada a cada escolar ao longo do curso.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

3. **COMPETENCIAS CLAVE.**

Enténdese por competencia as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Establécense as seguintes:

1º Comunicación lingüística (CCL).

2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

3º Competencia dixital (CD).

4º Aprender a aprender (CAA).

5º Competencias sociais e cívicas (CSC).

6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

7º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debemos destacar que se potenciará o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, e que tamén se deseñarán actividades integradas que permitan traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. **AVALIACIÓN: ASPECTOS XERAIS.**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción. Establécense tamén uns mínimos esixibles en cada área, para obter unha avaliación positiva nesta.

Realizaremos unha avaliación inicial ao comezo de curso. Esta avaliación centrarase sobre todo nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas), a integración do alumno no

grupo, o seu comportamento e os seus hábitos de traballo se fora o caso. Haberá unha avaliación cada trimestre, á que asistirá todo o equipo docente, así como os mestres de PT, AL e orientadora.

5. PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase una medida de carácter excepcional e extraordinaria e tomarase tras esgotarse todas as medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión de avaliación.

	Procedementos			
	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> · Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula. · Caderno de clase do alumno/a · Probas de avaliación: orais Traballos grupais. Resolución de exercicios e problemas. Actividades de expresión escrita Actividades interactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> · Participación do alumno/a · Intervención na aula · Postas en común · Probas orais individuais · Lecturas expresivas · Preparación en grupo de diversas actividades: exposicións, poesías, cancións, contos... 	<ul style="list-style-type: none"> · Escalas · Listas de control · Rexistros · Ficha rexistro individual 	<ul style="list-style-type: none"> · Informe individualizado de avaliación.

Os **criterios de cualificación** especificaranse na programación de aula. Con todo, a modo orientativo, reflectimos os seguintes:

- 50% : Probas obxectivas, orais e escritas.
- 30% : Observación de traballos diarios no caderno e na pizarra.

Realización correcta dos traballos de xeito autónomo.

Organización e presentación dos traballos.

- 20% : Actitude: interese, participación e esforzo.

Respecto.

Responsabilidade no material propio e da aula.

Comportamento axeitado.

6.METODOLOXÍA XERAL E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave e de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da

lectura, diariamente os alumnos/as adicarán un tempo á lectura non inferior a 20 minutos (proxecto lector).

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Para una adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que tiñan sentido para o alumno. Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes principios:
 - Metodoloxía activa, buscando a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición da aprendizaxe.
 - Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.
 - Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
 - Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
 - Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
 - Gradación das actividades: garantir uns mínimos para todos e na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.

- Facilitar e promover a transferencia de coñecementos lingüísticos desde a lingua materna á outra lingua oficial.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumno aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisión sobre a aprendizaxe.
- Coherencia na transición entre niveis, reforzando contidos aprendidos no curso anterior, e abrindo novos horizontes cara o vindeiro. A metodoloxía específica de cada área será concretada nas programacións de aula respectivas.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas consideraranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias

propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Entre as medidas de carácter xeral establécense as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula á características do alumnado.
- Metodoloxía que ten en conta o traballo colaborativo e que promova a inclusión,.
- Adaptación, se fora o caso, dos instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo (medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e ao todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regula as adaptacións do currículo*) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.

- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas de habilidades sociais.

Tendo en conta os resultados do curso anterior, o titor ou mestre responsable da área será o encargado de facer, se é preciso, o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes onde se contemplan as necesidades e posibilidades que ten o neno para acadar os obxectivos propostos. Para elo teranse en conta os resultados da avaliación inicial.

O programa de reforzo realizarase de forma individualizada e farase en colaboración con aqueles especialistas que traballen cos nenos.

O programa estará suxeito a variacións dependendo dos avances e retrocesos do alumno.

Valorarase o citado programa de forma trimestral, aínda que no día a día tamén se terá en conta o traballo realizado polo alumno na aula.

■ **Outras medidas específicas e excepcionais:**

- Adaptacións curriculares: (modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivada tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. *Orde do 6 de outubro do 1995*)

- Agrupamentos flexibles: (“Así mesmo poderase constituír con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa ou da delegación provincial”*Orde do 27 de decembro de 2002, Artigo 18º*).

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: (As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co

resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que están debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar” *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Artigo 19º)*

- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

8. PLANS

5.a. Plan lector (comprensión lectora, expresión oral e escrita).

Dedicaremos 20 minutos diarios de lectura co resto dos cursos no “proxecto lector”, e o resto nas horas de lingua galega e castelá. Os obxectivos do proxecto lector en 1º curso son:

- Fomentar a lectura para favorecer a comprensión oral e escrita, utilizando os recursos da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.
- Conseguir unha lectura axeitada na que se respecten as pausas, entoación e vocalización.
- Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo.
- Ampliar o vocabulario e xeneralizado a contextos variados.
- Utilizar a lectura para achegarse a obras da literatura galega e castelá adaptadas a súa idade.
- Fomentar a lectura en diferentes soportes (Plan Lector e Plan TIC: ordenador, pantalla da aula, PDI)...
- Converter a biblioteca nun recurso formativo, informativo e de ocio co fin de que favoreza o hábito lector.
- Utilizar a biblioteca como un recurso de axuda para as actividades da aula.

Accións previstas para este curso:

- Lectura de contos e posteriormente narralos na propia aula.
- escoita e visualización de contos .
- Dramatización de contos o breves obras de teatro.
- Recollida , memorización e recitado de poesías sinxelas.
- Emprego habitual da biblioteca de aula (préstamo de libros).
- Ilustración de contos sinxelos. Visualización na aula co proxector e pantalla. Narración do conto apoiándose nas imaxes.(Plan lector e Plan TIC L. Galega e Castelá).
- Traballo da expresión oral a través da lectura de imaxes introdutorias de cada unidade. (En todas as materias)
- Lectura e comprensión de enunciados (En todas as materias).
- Lectura interpretativa de diferentes gráficos(En todas as materias).
- escoita de textos variados sinxelos (contos, cancións, rimas...).
- Memorizar producións orais breves (cancións, rutinas, ...).

5.b. Plan TIC (comunicación audiovisual e tecnoloxías da comunicación).

Pretendemos que o alumnado neste 1º nivel da E. Primaria comece cunha aproximación ás TICs e integrando estas no traballo diario da aula. Para iso usaremos o ordenador da aula con conexión a internet, con proxector e pantalla para realizar actividades grupais en soporte dixital.

Empregaremos tamén aula de informática dotada con ordenadores, así que cada neno pode usar un. Dedicaremos unha sesión a semana como mínimo,(contamos cunha hora reservada nesta aula) e dúas cando sexa posible.

Traballaremos sobre:

- Uso do rato e do teclado.
- Uso da páxina web do centro como elemento de comunicación e difusión.
- Traballo en webs de interese educativo: para afianzar contidos de todas as áreas.
- Traballo con programa educativos e outros recursos de internet. Usarémolo sobre todo a lectura e comprensión.
- Páxinas web de educación en valores: www.meninos.org, www.enredate.org, www.aldeasinfantiles.es, www.educapeques.com, www.manosunidas.org, etc

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Xeneralidades:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Trataremos de fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Así mesmo, na aula promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Este aspecto traballarase sobre todo desde o plan de acción tutorial, normas de aula, traballo grupais mixtos (métodos cooperativos participativos que definimos na metodoloxía) onde os nenos e nenas asuman as mesmas responsabilidades, tanto nas actividades propias da aula como na vida do centro, destacando aquelas que se levan a cabo no comedor escolar: poñer as mesas, axudar aos máis pequenos, recoller...

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Estes valores traballarase tamén tendo como base o plan de acción tutorial, tendo como eixe vertebrador as normas da aula e do centro. A comezos de curso, acordaranse unhas normas de aula, que se irán interiorizando pouco a pouco na repetición das rutinas diarias. Por outro lado ,tamén se explican e recordan aos nenos una normas sinxelas de comportamento no centro. Entre estas está a norma de “resolver as nosas diferenzas falando”. Tamén se educará nos valores cívicos e constitucionais, e promoveranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e a prevención de calquera tipo de violencia.

Promoveranse actitudes que axuden á prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual , e previr a violencia de xénero e non discriminación.

No ámbito da educación e da seguridade viaria traballarase desde a área de Ciencias Sociais, sendo un dos obxectivos o coñecemento das principais sinais de tráfico e algunhas das normas. A comezos de curso, dado que os nosos alumnos son usuarios do transporte escolar, recordaránselle as norma de uso deste. Desenvolveranse tamén actividades que promovan o desenvolvemento sustentable e o coidado do medioambiente. Fomentaremos a reciclaxe: na aula hai unha caixa de reciclaxe na que os nenos depositan o papel para tirar. Así mesmo, no centro promóvese a reciclaxe tamén de aceite usado, xa que contamos cun conector específico para este uso, pilas e tapóns de plástico.

No que respecta ao fomento do espírito emprendedor e iniciativa, no 1º nivel traballarase sobre todo o desenvolvemento da iniciativa a través de traballos colaborativos, nos que os membros do grupo asumirán diferentes responsabilidades. Nestes pequenos proxectos de investigación que realizarán asumirán o rol que lle corresponda, planificaran o traballo, elaborarán as normas do equipo, buscarán a información e plasmaran en distintas fichas ou en cartulinas para finalmente, expoñer diante dos seus compañeiros os resultados do seu traballo. Estes pequenos traballos desenvolveranse sobre todo desde as áreas de ciencias sociais e naturais: investigamos sobre un animal, sobre unha planta....

A nivel individual promoveremos a autonomía do neno, a responsabilidade e o esforzo.

10. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

Promoverase, ademais, compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo. Este compromisos adoptaranse na reunión de principios de curso que cada titor realiza cos pais dos seus alumnos/as. Nesta reunión acordarase sobre todo qué traballos ou actividades poden realizar as familias cos seus fillos en xeral, sen prexuízo de que dos compromisos que poidan establecerse con algunha familia en particular atendendo ás necesidades de aprendizaxe do seu fillo/a.

Cada trimestre entregaráselle o boletín de notas ás familias, como información do proceso do seu fillo ou filla, e establécense os luns de 17:00 a 18:00 para falar calquera asunto relacionado co proceso educativo do seu fillo/a. De non ser posible neste horario farase todo o posible por concertar a titoría noutro momento, atendendo sempre na medida do posible, as necesidades da familia. Ademais poderán consultar os documentos do centro, así como as novas máis importantes na páxina web do centro.

11. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Nas sesións de avaliación, os mestres/as avaliaremos os procesos de ensino e a práctica docente en relación co logro dos obxectivos de cada nivel e de etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- Adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles ás características do alumnado. Fixarémonos sobre todo se os criterios de avaliación están correctamente definidos e se os estándares de aprendizaxe cumpren a esixencia de ser medibles e graduables.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado, sobre todo nas áreas instrumentais: lingua galega e castelá e matemáticas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- O aproveitamento do recursos existentes no centro.
- O instrumentos, procedementos, criterios de cualificación empregados na avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres.

Nesta avaliación reflectiremos nun documento aqueles aspectos que teñan unha avaliación negativa e reflectiremos tamén as propostas de mellora para o vindeiro curso.

12. LIBROS DE TEXTO E OUTROS RECURSOS

Recursos materiais:

Material específico da aula: ordenador portátil con reprodutor de DVD, proxector con pantalla dixital e pizarra branca.

Libros de texto: Editorial Santillana.

Outros recursos:

- Libros de texto de diferentes editoriais.
- Fichas de traballo elaboradas ou recompiladas pola titora.
- Guías didácticas.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Cadernos de traballo persoal do alumnado.
- Actividades coa PDI
- Corpos xeométricos, regretas, reloxo, xogos de moedas e billetes...
- Biblioteca de aula.
- Carriño con IPADS

13. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS ESIXIBLES E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE DE CADA ÁREA.

Este apartado está extraído integramente do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).

Unicamente se engaden aqueles estándares de aprendizaxe que consideramos como mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva na área. Nalgúns casos foron simplificados, concretados ou reelaborados.

CIENCIAS NATURAIS

CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE. DURANTE TODO O CURSO

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a b d e h i j m	Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentar os resultados. Elaboración guiada de textos escritos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións	Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados.	Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CCL CMCT CD CAA CSIEE
a b c d m	O traballo cooperativo Iniciación as técnicas de traballo. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros, o material e as normas de convivencia.	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo, respectando os compañeiros, o material e as normas de convivencia	CAA CSC CSIEE
a h	Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no contorno.	Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	CAA CSC CSIEE CCEC

1º TRIMESTRE

OBXECTIVOS	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a b c d e h k m o	Hábitos que influen nunha vida saudable.	Relacionar hábitos saudables co exercicio físico, a hixiene, a alimentación, o descanso e o tempo de lecer	Identifica polo menos 2 hábitos saudables de cada apartado (exercicio físico, hixiene, alimentación, descanso e tempo de lecer)	CCL CAA CSC CSIEE CCEC
a b c d h k m o	Análise das costumes na alimentación diaria. Identificación dos alimentos diarias necesarios	Analizar os propios costumes alimenticios diarios, amplía o seu menú e deseñar un menú semanal de merendas saudables. Xerar a importancia dun bo lavado de dentes	Coñece e analiza as propias costumes alimenticias e amplía a seu abanico de alimentos. Lava os dentes de maneira axeitada.	CAA CSC CSIEE CCEC
d e h o	Identificación e observación das partes do corpo.	Identificar as partes do propio corpo e as articulacións.	Debuxa e escribe as partes do corpo: cabeza, tronco, extremidades, mans dereita e esquerda, pes, brazos, pernas e nome dos dedos, ademais das articulacións.	CCL CMCT

2º TRIMESTRE

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDIMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a b d e h l m o	Os seres vivos: os animais.	Coñecer as características dos animais como seres vivos.	Sabe que os animais nacen, medran, reproducense e morren ademais de comer e desprazarse.	CCL CMCT CAA CSC
	Identificación das características dos animais para adaptarse ao seu medio	Clasificar os animais segundo o que comen.	Coñece as características dos animais herbívoros, carnívoros e omnívoros.	
		Clasificar os animais segundo como se reproducen.	Coñece a diferenza entre animais vivíparos e ovíparos.	
		Coñecer as características e exemplos de animais mamíferos, aves, peixes, réptiles e anfibios.	Sabe poñer exemplos e explicar as características de animais mamíferos, aves, peixes, réptiles e anfibios.	
		Diferenciar entre animais salvaxes e domésticos	Identifica os animais domésticos e salvaxes segundo as súas características	
a b d e	Os seres vivos: as plantas	Coñecer as características das plantas como seres vivos e as súas utilidades.	Sabe que as plantas nacen, medran, reproducense e morren, ademais de que necesitan para	CCL CMCT CAA CSC

h o			vivir (auga, luz e aire)	
		Identificar as partes da planta e a súa función.	Localiza as partes das plantas e coñece a súa función	
		Diferenciar entre plantas silvestres e plantas cultivadas.	Identifica plantas silvestres e cultivadas.	

3º TRIMESTRE

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a b c d e h m o	<p>Clasificación de materiais sinxelos identificando a utilidade.</p> <p>Manipulación do funcionamento de máquinas domésticas e escolares (lapis, afialapis, teléfono, tesoura, ordenador...)</p> <p>Montaxe e desmontaxe de obxectos sinxelos.</p> <p>Identificación de animais en perigo de extinción e onde viven.</p>	<p>Manexar máquinas simples e compostas coñecendo como funcionan e utilízalos na súa vida cotiá.</p> <p>Coñecer e respectar os animais en perigo de extinción.</p>	<p>Coñece e nomea distintos materiais do seu contorno.</p> <p>Manexa máquinas simples e compostas.</p> <p>Respecta os animais en xeral e os en perigo de extinción en particular.</p>	<p>CCL CMCT CAA CSC CSIEE CCEC</p>

CIENCIAS SOCIAIS

CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE. DURANTE TODO O CURSO

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a b c d e h m o	<p>Terminoloxía propia da área</p> <p>Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado.</p> <p>Planificación, xestión e presentación dos traballos.</p>	Realizar traballos de investigación coa planificación, xestión e presentación axeitados e empregando a terminoloxía propia.	Manifesta autonomía na planificación e execución de acción e tarefas coidando a presentación e empregando a terminoloxía axeitada, ten iniciativa na toma de decisións e asume as responsabilidades.	CCL CMCT CAA CSIEE
a b c d e m o	<p>O traballo en equipo.</p> <p>Iniciación na creación e uso de técnicas de estudo.</p> <p>Valoración do esforzo e coidado de material</p> <p>A cooperación e o diálogo para a resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Traballar en equipo e manifestar respecto ante as achegas alleas.</p> <p>Emprega mapas mentais como técnica básica de estudo.</p>	<p>Participa en actividades en grupo con un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>Elabora algúns mapas metais sinxelos como técnica de estudo básica.</p>	CCL CAA CSC CSIEE
b	O tempo atmosférico. observación e	Coñecer os fenómenos	Nomea fenómenos atmosféricos	CCL

e h i o	<p>medicións sinxelas.</p> <p>Comprobación do tempo en diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital...</p>	<p>atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p> <p>Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros.</p>	<p>máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p> <p>Realiza sinxelas recollidas de datos e rexistros sobre o tempo atmosférico local.</p>	<p>CMCT CD CAA</p>
a b c d e m	<p>A assemblea de clase como momento para a reflexión o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Recoñecer a pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios de convivencia.</p>	<p>Respectar as normas de convivencia establecidas na aula e na escola.</p>	<p>CCL CAA CSC CSIEE</p>
h o	<p>Sistema de medida do tempo: día, semana, mes, ano. O calendario para marcar as datas relevantes.</p>	<p>Ser consciente do paso do tempo empregando unidades de medida como os días, semanas, meses, anos, estacións e o calendario.</p>	<p>Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as características</p>	<p>CMCT CAA CSC</p>

1º TRIMESTRE

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a b c d e h m o	A comunidade escolar. A escola: organización, membros, espazos e recursos	Coñecer e explicar as diferentes estancias e persoal da comunidade escolar. Comprender e coñecer as normas de convivencia na escola.	Identifica as persoas e funcións que forman a comunidade escolar. Desenvolvese autonomamente polas dependencias do centro.	CCL CSC
a b d e h o	Manifestacións culturais da contorna.	Coñecer algunha das manifestacións culturais das distintas estacións do ano.	Nomea e explica unha festividade de verán (Ruta dos mares/ A Barca) outono (magosto e Samaín) inverno (Paz e Entroido) primavera (letras galegas e día do libro)	CCL CAA CSC CCEC
a b c d e h m o	A familia. Relacións de parentesco e roles familiares.	Recoñecer as relacións de parentesco e a repartición equitativa das tarefas domésticas respectando e coñecendo a diversidade de familias hoxe en día.	Identifica, pais, irmáns, avós, tíos e primos. "Todos podemos facer as mesmas tarefas domésticas" Coñece e respecta distintos tipos de familias.	CCL CSC
b e h m	A casa.	Identificar as partes e usos dunha casa.	Coñece as partes dunha casa e as plasma nun esbozo explicando o seu uso.	CCL CSC CCEC

o			Describe as diferenzas dos distintos tipos de casas.	
---	--	--	--	--

2º TRIMESTRE

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	Estancias e localización na contorna. Elaboración dun esbozo da distribución.	Diferenciar tipos de casa segundo sexa da aldea, vila ou cidade.	Describe a aldea, vila ou cidade.	CCL CSC CCEC
a b c d e h n o	Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento.	Clasificar segundo os usos, funcións e características. Coñecer as sinais de tráfico máis usuais.	Clasifica segundo sexa transporte público e privado/ persoas, mercancía, animais/ terra, mar e aire. Coñece e explica as sinais de stop, ceda, rotonda, perigo animais salvaxes, animais domésticos, perigo zona escolar, adiantar, prohibido. <i>(1 para cada neno ou nena)</i>	CCL CMCT CAA CSC

3º TRIMESTRE

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDIMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
b e h o	Uso de medidas do tempo: antes, despois. Liña do tempo da súa historia persoal	Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da súa vida persoal.	Localiza e explica nunha liña do tempo algúns feitos persoais empregando as unidades do tempo máis básicas.	CCL CMCT CAA CSIEE
a b c d e h o	O aire a auga. A importancia para a vida.	Recoñecer a importancia da auga e o aire para a vida e observar as súas características Usar responsablemente a auga	Coñece a importancia da auga e do aire para poder vivir os seres vivos. Os muiños de vento e de aire. Coñece dous usos responsables de da auga: cerrar a billa sempre que non se necesite e non utilizar o bater como papeleira.	CCL CMCT CAA CSC CCEC
b c d e h	Os elementos do ceo, as súas características.	Recoñecer os elementos do ceo: o sol e as nubes, a lúa e as estrelas e a súa importancia para marcar mañá, tarde e noite.	Nomea os elementos do ceo. Realiza secuencias temporais diferenciando mañá, tarde e noite	CCL CAA
b c e h o	Observación da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos	Identificar elementos naturais e artificiais nas paisaxes de montaña e chaira e costa.	Identifica os elementos naturais como montaña, serra, río, lago e elementos artificiais como túnel,	CCL CMCT CAA CCEC

	A importancia do coidado da natureza.		pozo e porto.	
b e h o	Exploración de materias e obxectos do contorno.	As rochas e minerais do contorno: cor, textura, dureza, formas e usos.	Coñece as características do granito como roca máis habitual no contorno.	CCL CMCT

MATEMÁTICAS

OBXECTIVO	CONTIDOS (CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS, ACTITUDES)	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS.				
g e	Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido da resolución dun problema	Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	CMCT CCL
g b	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico	Desenvolver a cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de matemáticas.	CMCT CAA

b e	Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e resultados.		Gusta a limpeza e a presentación ordenada dos cálculos e os resultados.	CMCT
b g	Confianza nas propias posibilidades, curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.	Confiar nas propias posibilidades.	Confía nas propias posibilidades e mostra curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.	CMCT CSIEE
BLOQUE 2. NÚMEROS: NUMERACIÓN.				
e g	Números naturais ata o 99 Nome e grafía dos números ata o 99	Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 99	CCL CMCT
	Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades decenas. Valor das posicións das cifras.		Identifica o valor das cifras en situacións e contextos reais. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá ata o 99.	
	Equivalencia entre os elementos do sistema de numeración decimal.		Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada cifra. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.	
